



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
05.06.2018

LUGAR: Sala de reunións do Reitor – Edificio Reitoría Campus de Vigo
DATA: 05.06.2018
HORA DE COMEZO: 18:40
HORA DE REMATE: 20:05

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D^a. Gloria M^a Pena Uris
D. Manuel Fernández Jauregui
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D^a. Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a. María Elvira Larriba Leira
D^a. Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a. María Elena Añel Cabanelas
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a. Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Francisco Javier Casares Mouriño
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. José Manuel Pérez Canal
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas

NON ASISTEN

D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D. José Manuel Figueroa Vila

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, 5 de xuño de 2018, ás 18:40 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (18.04.2018).

2. Informe do presidente.

-Enquisas de satisfacción do alumnado, do PDI e dos titulados cos estudos oficiais impartidos pola Universidade de Vigo no curso 2016/17.

-Estudo da confianza e da evolución da empregabilidade dos estudantes da Universidade de Vigo. Conclusións e resumo comparativo dos cursos 2014/15 e 2016/17.

-Conclusións do estudo de Egresados 1995-2015 para a creación dun Observatorio de Egresados. Resumo.

3. Informe do Reitor.

Propostas e acordos da Comisión Económica (sesión do 30 de maio de 2018)

4. Aprobación, se procede, das contas da Universidade de Vigo no exercicio de 2017. (Achegase a esta sesión o Informe definitivo de auditoría e o Memorando de recomendacións).

5. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

6. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).

7. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

8. Outros acordos. Incorporacións con cargo ao remanente de libre disposición. Transferencia de gasto de capital a gasto corrente.

9. Cursos, acordos e informes da Comisión Executiva (sesión do 27 de marzo de 2018).

10. Cursos, acordos e memorias da Comisión Executiva (sesión do 24 de maio de 2018).

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 9 de maio de 2018)

11. Aprobación, se procede, da colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para 2018, e da asignación económica correspondente.

12. Nova edición das carpetas-guía de acollida a alumnos. Outros asuntos.

13. Informe sobre o Decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso académico 2018/2019.

14. Informe dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de abril.

15. Rogos e preguntas.

Os asistentes reciben en soporte dixital o "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)", do que son autores os profesores don Luis Espada e don Víctor Luis Martínez.

Asiste como invitado á reunión o Vicexerente de Xestión Económica e SS.XX., don Rodrigo Cerviño, para informar sobre os asuntos da súa competencia.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (18.04.2018).

- **Apróbase por asentimento**

PUNTO 2

Informe do presidente.

-Enquisas de satisfacción do alumnado, do PDI e dos titulados cos estudos oficiais impartidos pola Universidade de Vigo no curso 2016/17.

-Estudo da confianza e da evolución da empregabilidade dos estudantes da Universidade de Vigo. Conclusións e resumo comparativo dos cursos 2014/15 e 2016/17.

-Conclusións do estudo de Egresados 1995-2015 para a creación dun Observatorio de Egresados. Resumo.

Lembra don Ernesto Pedrosa no seu discurso a chegada de don Salustiano Mato ao primeiro pleno do Consello Social, o 30 de xuño de 2010, como preámbulo á despedida como Reitor que se produce nesta sesión. Fai un repaso o presidente polas cuestión máis salientables no eido universitario, dos obxectivos acadados e dos retos pendentes, despois dos oito últimos anos "nos que o Consello Social acadou máximos niveles de interlocución e o maior recoñecemento no exercicio dos seus cometidos".

Afirma neste senso que durante esta etapa superouse en Vigo esa imaxe dos Consellos Sociais como "amigos incómodos" para as universidades. Refire que "a educación superior era como unha estrada chea de dificultades, as universidades eran o único vehículo, e os Consellos Sociais eran vistos como a garda civil ou os radares, dos que había que escapar na medida do posible. Con Salustiano Mato conseguimos entrar e viaxar no mesmo vehículo". E engade que "os Consellos Sociais poden ser uns magníficos "amortiguadores" ou un bo "airbag", que quizais non sexan imprescindibles para circular, pero fan moito máis seguro e comfortable a viaxe".

Agradece expresamente ao equipo de goberno saínte o esforzo feito para traer as contas auditadas a este pleno moito antes do que era habitual, no seu afán de deixar un escenario totalmente despexado ao novo equipo de goberno. Felicita neste intre ao Vicerreitor de Economía, don José Manuel García, e ao Xerente, don Manuel F. Jáuregui, e aos seus equipos –con mención expresa a don Rodrigo Cerviño-, polo traballo feito, "como reflicte o informe de auditoría totalmente limpo". "E xa se sabe –engade o presidente- que as auditorías din moito canto máis din; pero aínda din máis cando non din nada".

Así mesmo agradece o traballo desenvolvido no Consello Social pola Secretaria Xeral da Universidade de Vigo, dona Gloria Pena, e polos representantes de estudantes e PAS, don Ernesto Rey e don Carlos Mollinedo, e fai extensivo o agradecemento a todo o persoal implicado en que a Universidade de Vigo sexa mellor cada día.

Focaliza no punto 2 da Orde do día "a foto finish" da UVigo neste intre, a través das enquisas, estudos e análises que se presentan, "que definen ben a universidade que se lega hoxe", e elixe o traballo feito sobre o Observatorio de Egresados como o símbolo máis representativo e fiel "da colaboración sólida no tempo e progresiva no afecto" mantida polo Consello Social e a Universidade de Vigo baixo o goberno de don Salustiano Mato.

Finalmente agradécelle ao Reitor que ao final do seu mandato transmita unha universidade máis accesible e transparente sen afectar á excelencia académica, "e por deixar sinalizado o camiño". Remata desexándolle a don Salustiano Mato que non o venza a nostalgia "porque a miúdo a mellor viaxe de ida é a de volta".



PUNTO 3

Informe do Reitor.

Á vista do mapa de Egresados da Universidade de Vigo polo mundo, que se proxecta de fondo na pantalla, principia don Salustiano Mato lembrando o traballo feito e o legado “enorme” do profesor don Luis Espada. Rememora as súas primeiras aproximacións ao Consello Social e as conversas co entón presidente don Emilio Atrio. Fai un rápido percorrido polos principais indicadores que reflicten os avances e progresos da institución, e destaca entre eles o elevado número de matrículas que ven a amosar o atractivo e o prestixio que ten a UVigo entre os estudantes.

Salienta o seu continuado afán por cumprir o obxectivo de conectar a universidade coa sociedade, a capacidade para facer medrar o capítulo I en tempos tan adversos (“o que amosa que pensamos nas persoas”), e o gran esforzo feito para presentar as contas de 2017 con antelación (“para facilitar o relevo dos seguintes”).

Agradece a todos os membros do Consello Social “o apoio continuo, complicidade e cariño” de todos estes anos; e tamén o apoio para conectarnos máis á sociedade –“fostes os cómplices necesarios para chegar mellor á cidadanía e conseguir recursos, e espero que así siga sendo”.

Don Salustiano Mato da as grazas ao equipo de goberno “que me acompañou durante estes oito anos”, con referencias especiais ao Vicerreitor de Economía e Planificación, don José Manuel García, e ao Xerente, don Manuel F. Jáuregui, de quen destaca a súa longa estadía á fronte da Xerencia en comparación cos seus predecesores.

Pon fin á súa intervención deixando constancia da estreita colaboración e afinidade con don Ernesto Pedrosa, a confianza o entendemento e o tempo compartido, os obxectivos acadados conxuntamente e a satisfacción “de ter compartido ese vehículo do que falaba o presidente”.

PUNTOS 4, 5, 6, 7 e 8

- *Aprobación, se procede, das contas da Universidade de Vigo no exercicio de 2017. (Achegase a esta sesión o Informe definitivo de auditoría e o Memorando de recomendacións).*
- *Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).*
- *Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).*
- *Aprobación, se procede, das contas anuais de 2017 e Informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).*
- *Outros acordos. Incorporacións con cargo ao remanente de libre disposición. Transferencia de gasto de capital a gasto corrente.*

Intervén don Daniel Barata para dar conta dos puntos elevados ao Pleno con informe favorable da Comisión Económica que preside. Principia deixando constancia expresa do seu agradecemento a don José Manuel García, a don Manuel F. Jáuregui e a don Rodrigo Cerviño. Apunta que o Consello Social cumpre hoxe cunha das súas obrigas principais presentando as contas, das que valora o informe de auditoría e o equilibrio que presentan dende 2012 que dotan á UVigo dunha sólida solvencia económica. Súmase ás felicitacións ao equipo económico. Enumera os puntos a tratar e manifesta a súa satisfacción “por ter compartido este Reitorado e esta etapa do Consello Social”, da que declara sentirse “feliz”.

O Vicerreitor don José Manuel García agradece as palabras do Presidente, don Ernesto Pedrosa, e do Vicepresidente, don Daniel Barata, e resposta que “o importante é facer ben o traballo”. Alude ao informe de auditoría limpo e ao superávit con que se pecha 2017, alongando un ciclo positivo que ven dende 2012, e que, pese a atravesar anos moi difíciles, mantívose o equilibrio “e ese debe ser o primeiro obxectivo e a senda de futuro que desexamos para a UVigo”. Don José Manuel García manifesta que con estas contas “damos por pechada a nosa xestión”. Remata agradecendo a acollida e o trato recibido no Consello Social durante estes últimos anos.



Intervén de seguido o Vixerente de Xestión Económica e SS.XX. para amosar mediante presentación gráfica un sucinto resumo dos datos recollidos na abundante documentación que lle foi remitida aos membros. Refírese don Rodrigo Cerviño as cifras máis salientables da execución do orzamento, conta anual de ingresos e gastos, resultados orzamentarios, evolución do orzamento de ingresos e gastos e comparativa interanual, remanente de Tesouraría, resultado económico-patrimonial e balance de situación "que amosan a boa saúde da Universidade de Vigo". Finalmente explica os motivos polos que se incorporan diferentes importes con cargo ao remanente de libre disposición, e os motivos da transferencia de gasto que debe aprobar o Consello Social consonte as Normas de orzamento da Universidades de Vigo.

- **O Pleno aproba as contas da UVigo e das sociedades CUSA, CITE XVI e FUVI**
- **O Pleno autoriza e aproba as operacións económicas recollidas no punto 8**

PUNTO 9

Cursos, acordos e informes da Comisión Executiva (sesión do 27 de marzo de 2018).

Don Ernesto Pedrosa da conta dos asuntos tratados e remite á documentación en poder dos membros, na que se recolle o resumo de todos os puntos da orde do día da Comisión, conformada en gran medida pola aprobación de taxas.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 10

Cursos, acordos e memorias da Comisión Executiva (sesión do 24 de maio de 2018).

Informa o presidente de todos os acordos e informes da Comisión, recollidos no resumo do que dispoñen os membros, referidos principalmente a taxas de cursos e memorias finais.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para 2018, e da asignación económica correspondente.

O presidente expón as características do convenio, por importe de 30.000 €, e as prestacións máis significativas para o Consello Social, e apunta a que con esta anualidade se culmina unha colaboración sobre cuxa continuidade se deberá reflexionar o próximo ano. En 2018 darase continuidade aos informes "Prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións 2017/2018", e "Prospección de emprego, necesidades formativas e competencias transversais, liñas de colaboración con empresas".

- **O Pleno aproba o convenio e a correspondente dotación**

PUNTO 12

Nova edición das carpetas-guía de acollida a alumnos. Outros asuntos.

Sobre o informe-resumo que se achega, e no que se amosan todos os acordos da Comisión, o Presidente destaca a proposta dunha nova edición das carpetas-guía que se entregarán aos alumnos que se matriculen por primeira vez na Universidade de Vigo. Serán tidas en conta as indicacións que aporte o Gabinete do Reitor ou calquera outra instancia interesada para a incorporación dos datos de interese que se inclúan finalmente na carpeta. A proposta da Comisión propón aprobar unha dotación máxima de 8.000 € para a impresión das carpetas, e 800 € para a distribución, no caso de que non existan voluntarios na UVigo que o poidan facer.

- **O Pleno aproba a proposta**



PUNTO 13

Informe sobre o Decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso académico 2018/2019.

En cumprimento do disposto no artigo 75.3 apartado f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia,

- **O Pleno ACORDA emitir informe favorable**

PUNTO 14

Informe dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de abril.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Dona María Elena Añel, tanto de xeito persoal como en representación da CIG, comunica os seus parabéns a todo o equipo de goberno e lle agradece o traballo feito en estes oito anos de Xestión, nos que recoñece o pulo dado ao Campus de Ourense e o empeño posto para conseguir a presenza do Pegamiño Vindel.

No mesmo senso se pronuncian dona María do Carme Fouces, representante do Concello de Pontevedra, quen valora o traballo ("magnífico e beneficioso") compartido co Campus da cidade. Agradece ao equipo de goberno e ao equipo do Campus local a receptividade, "traballamos neste tempo moi cómodos", remata.

Don Jorge Cebreiros, en nome dos empresarios, agradece ao equipo reitoral e directivo que traballaran tan achegados ás necesidades e potencialidades empresariais, e felicita expresamente ao equipo económico polo esforzo feito para adiantar case un mes a auditoría e a presentación das contas, e liberar ao próximo equipo reitoral; "o nivel de transparencia desta universidade é pioneiro", conclúe.

Dona Mercedes Castro, representante do Parlamento de Galicia, agradece a don Salustiano Mato e ao seu equipo a "marabillosa" marcha da Universidade de Vigo nos eidos da investigación e da docencia, e fai votos para que continúe así.

Don Francisco Gustavo Izquierdo felicita aos responsables universitarios por achegar empresas e universidade, e por poder aportar aos alumnos a visión empresarial.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 20:05 horas do 5 de xuño de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias